



**ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DESIGNADO PARA O CONCURSO DE IDEAS,
CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A
ADAPTACIÓN DO COMPLEXO DO ANTIGO HOSPITAL XERAL COMO FUTURA
CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO**

Lugar: Sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Delegación de Vigo na R/
Doctor Cadaval, 5, 36202 de Vigo, Pontevedra

Data: 15 de xullo de 2016

Hora de comezo: 10:30 h

Hora de remate: 12:00 h

ASISTENTES

Presidenta: Dona Beatriz Cuiña Barja- secretaria xeral técnica da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Secretaria: Dona Natalia Lobato Mosquera- subdirectora xeral de Xestión Económico-
Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Vogais: Don Juan José Martín Álvarez- director xeral de Xustiza da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Dona M^a Encarnación Rivas Díaz- secretaria xeral de Ordenación do Territorio e
Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Don Juan Manuel Pintos Martínez- xefe do servizo de Obras e Proxectos da
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Dona María Luisa Sobrino del Río- arquitecta proposta polo concello de Vigo

Don Carlos Rodríguez de la Torre- arquitecto en representación do COAG
designado en substitución de Don Antonio Maroño Cal

Dona María Concepción Cameselle Solá- arquitecta en representación do COAG

Don Pablo Menéndez Paz- arquitecto en representación do COAG

Dona Marta Viñas Hylas-Bernoud – asesora xurídica da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Don Luis Manuel Vázquez Caruncho- interventor delegado da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

Abre a sesión a presidenta do xurado e, tras comprobar a relación de asistentes e a
existencia do quórum necesario, de conformidade co disposto no apartado 5.2 do
prego de bases que rexe o concurso, declara validamente constituído o xurado.

Faise constar que Don Carlos Quintáns Eiras, arquitecto proposto polos concursantes,
manifestou a súa imposibilidade de asistir a esta reunión por non estar en Galicia.

Así mesmo, asiste a esta reunión Don Carlos Rodríguez de la Torre como arquitecto
en representación do COAG designado en substitución de Don Antonio Maroño Cal.

Posteriormente, a secretaria do xurado da conta do resultado da reunión da comisión
administrativa celebrada o día 29 de xuño de 2016 coa finalidade de analizar e valorar
a corrección da presentación das candidaturas e de proceder á apertura dos sobres C.

O resultado da análise das proposicións presentadas foi o seguinte:



Nº	LEMA	ADMITIDO
1	CDLJV200	SI
2	RTNDA637	SI
3	CJVDZ165	SI
4	PLAZA010	SI
5	HABEA555	SI
6	ADHOC969	SI
7	CELDA000	SI
8	TULOU314	SI
9	ADHOC123	SI
10	ARNOL690	SI
11	PATIO504	SI
12	BLANCO SOBRE BLANCO	SI
13	SOLEO 109	SI
14	JBOND007	SI
15	PUNTO000	SI
16	FAROM949	SI
17	RAIAR212	SI
18	VACÍO101	SI
19	PUZLE000	SI
20	TRANX7II	SI
21	ACTUS111	SI
22	QSUXZ135	SI

Encaración Pinol

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



Nº	LEMA	ADMITIDO
23	ABXDE123	SI
24	FORMA730	SI
25	36201VGO	SI
26	BSLWF336	NON POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO
27	003ARAYA	NON POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO
28	FIMSCO3	NON POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2 DO PREGO DE BASES AO NON COMUNICAR POR FAX A IMPOSICIÓ EN CORREOS E DO APARTADO 7.2.3 AO NON INCLUIR NO SOBRE B DEBIDAMENTE PECHADO A MEMORIA DESCRITIVA E CONSTRUTIVA DA SOLUCIÓ PROPOSTA
29	IPSRJ463	SI
30	IIIIII111	SI
31	PLAZA103	SI
32	VICUS616	SI
33	AVATAR	SI
34	NEJVI016	SI
35	OPENJ001	SI
36	DDDDD001	SI
37	PRAZA055	SI
38	VGPAC793	SI

Pola súa banda, a secretaria do xurado da conta do resultado da apertura dos sobres C (relativos á proposta do arquitecto que formará parte do Xurado en representación dos concursantes), que foi o seguinte:



ARQUITECTO PROPOSTO	Nº VOTOS
MANUEL GALLEGO JORRETO	8
CÉSAR PORTELA FERNÁNDEZ-JARDÓN	5
CARLOS QUINTÁNS EIRAS	3
ALBERTO NOGUEROL DEL RÍO	2
EDUARDO SOUTO DE MOURA	2
ALBERTO CAMPO DE BAEZA	1
ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS	1
ANTONIO CRUZ VILLALÓN	1
ANTONIO MARTÍN BERNALDO DE QUIRÓS	1
ANTONIO RAYA DE BLAS	1
CARLOS ROSÓN GASALLA	1
DAVID CHIPPERFIELD	1
FERNANDO BLANCO GUERRA	1
FRANCISCO JOSÉ VIDAL PÉREZ	1
FRANCISCO MANGADO	1
FRANCISCO VIDAL PÉREZ	1
FUENSANTA NIETO	1
GONZALO ALONSO NÚÑEZ	1
JOSÉ RAFAEL MONEO VALLÉS	1
RAFAEL CABEZA REY-STOLLE	1
TOTAL	35

A presidenta da contade que o día 30/06/2016 comunicouse ao arquitecto máis votado (Manuel Gallego Jorreto) que dispoñía de 3 días para aceptar a súa participación no xurado, ese mesmo día, comunicou a súa imposibilidade de ser membro deste.

Posteriormente, o 01/07/2016 comunicouse ao segundo arquitecto máis votado, César Portela Fernández-Jardón, que dispoñía de 3 días para aceptar a súa participación como membro do xurado e o 04/07/2016 manifestou a súa imposibilidade de participar no concurso.

Finalmente, o 04/07/2016 comunicouse ao terceiro arquitecto máis votado, Carlos Quintáns Eiras que dispoñía de 3 días para aceptar a súa participación como membro do Xurado e o 07/07/2016 remitiu a súa aceptación.

A continuación, o xurado acorda, por unanimidade dos seus membros, a non admisión das proposicións presentadas cos lemas BSLWF336 (nº 26), 003ARAYA (nº 27); FIMSCO3 (nº 28) polos motivos sinalados pola comisión administrativa e, así mesmo, o nomeamento do arquitecto proposto polos candidatos.



Posteriormente, se procede á apertura dos sobres B dos participantes admitidos, así como a dar traslado, aos membros da comisión técnica, dunha memoria USB coas propostas contidas nel, para os efectos da súa avaliación, de conformidade cos criterios establecidos na base 5.3 dos pregos que rexen o concurso. Constátase a ausencia de CD na oferta número 33, correspondente ao lema AVATAR, polo que o xurado, acorda que se requira ao ofertante de dito lema para que o aporte nun prazo de tres días. Para os efectos de garantir o anonimato, o requirimento efectuarase a través do perfil do contratante e do COAG.


A Carlos Quintáns Eiras, por estar ausente no presente acto, remitiráselle o indicado USB, por parte da secretaria do xurado, quen lle dará conta, ao mesmo tempo, do resultado desta reunión.

A presidenta recorda as prescricións recollidas nos puntos 2 e 14.2 dos pregos que rexen as bases do concurso de ideas, relativas á observancia da normativa urbanística e medioambiental aplicable e as determinacións dispostas nos plans urbanísticos do concello de Vigo, das que se deberá dar cumprimento; á observancia das disposicións vixentes en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas e de protección contra incendios; á utilización e aforro enerxético segundo os DBs vixentes do Código Técnico da Edificación, para os efectos de garantir as mellores condicións de uso; así como ao feito de que para a execución das obras estímase un orzamento máximo de 25 millóns de euros, cunha posible variación do 10%, isto é, entre 22,5 e 27,5 millóns de euros, incluídos gastos xerais, beneficio industrial e IVE (21%).

E, por último, se acorda que a comisión técnica se reúna a mediados de agosto, para unha primeira posta en común e, en todo caso, se marque como obxectivo poñer en coñecemento da secretaria do xurado o seu informe, a primeira quincena de setembro, preferentemente, a primeira semana, para os efectos de que se efectúe a correspondente convocatoria, co fin de que se someta a votación a súa aceptación, en todo ou en parte, polo xurado.

Sen máis asuntos que tratar a presidenta remata a sesión e redactase a presente acta que, trala súa lectura, asinan tódolos asistentes.

Beatriz Cuiña Barja


M^a Encarnación Rivas Díaz

Juan Manuel Pintos Martínez

Carlos Rodríguez de la Torre

Marta Vinas Hyllass-Bernoud

Juan José Martín Álvarez

Pablo Menéndez Paz

María Luisa Soriano del Río

M^a Concepción Cameselle Sollaque

Luis Manuel Vázquez Caruncho



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

galicia

Natalia Lobato Mosquera